



Red de Unidades de Igualdad de Género  
para la Excelencia Universitaria

## MANIFESTO 8 de MARZO de 2013

A Rede de Unidades de Igualdade de Xénero para a Excelencia Universitaria (RUIGEU), formada por 39 universidades públicas españolas, no marco da celebración do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, presenta este manifesto conxunto cunha idea de partida: no contexto da crise económica, as políticas de igualdade continúan sendo esenciais na axenda das universidades e do resto de institucións públicas

Hoxe 8 de marzo de 2013, NAS UNIVERSIDADES as políticas de igualdade son necesarias porque:

### 1.- Aínda hai que erradicar as desigualdades existentes no seo das propias institucións académicas, polas seguintes razóns:

- Existe unha clara segregación vertical: **Na universidade** española existen poucas catedráticas, **poucas mulleres** nos órganos de representación e goberno, nas direccións de grupos de investigación, nos recoñecementos honoríficos (doutoramentos honoris causa), e nos postos directivos de xestión administrativa da universidade.

- Dáse tamén unha **segregación horizontal, que se manifesta na distribución do alumnado**: as enxeñarías e as carreiras técnicas núntrense en altísimas porcentaxes de estudantes homes, mentres que as mulleres seguen optando polas ciencias da saúde ou os graos relacionados coa educación infantil, o traballo social. Esta especialización vinculada aos roles de xénero ten tamén o seu reflexo na asignación do profesorado ás áreas de coñecemento e en distribución de traballadores e traballadoras nos distintos servizos.

- Na universidade **séguese facendo un uso sexista da linguaxe** e non se aposta decididamente por **visibilizar as achegas das mulleres á ciencia e ao coñecemento**.

- Existen, de facto, **brechas de xénero nas retribucións do persoal docente e do persoal de administración e servizos**, derivadas dos complementos económicos vinculados aos méritos de investigación, ou pola desigual distribución das horas extras, e sobresoldos, e indirectamente, polo goce de excedencias ou permisos para a atención de familiares.

- Reprodúcese, aínda, nesgo de xénero na produción e transmisión do coñecemento científico: **a investigación realizada por mulleres e a investigación que aborda novas cuestións ou fenómenos como os estudos de xénero non se valora de forma equitativa** en relación a outras temáticas, especialmente en determinadas disciplinas. Iso afecta de maneira decisiva á promoción da carreira profesional das investigadoras. Ademais, a organización propia do traballo científico caracterízase pola creación de redes ou círculos informais de colexialidade e de poder onde as mulleres permanecen aínda excluídas ou a súa participación é escasa.

- Nalgunhas universidades aínda é escasa a **prevención dos riscos específicos de traballadoras e alumnas en período de embarazo, parto recente ou lactación**, e é insuficiente o desenvolvemento de medidas e recursos para a **conciliación** da vida laboral, académica, persoal e familiar, non só entre as traballadoras e os traballadores, senón tamén dirixidos ao alumnado.

- A todas estas carencias hai que engadir algunhas resistencias no seo das nosas propias institucións académicas ao recoñecemento das desigualdades existentes nas universidades; resistencias que se concretan na paralización ou ausencia de apoio ás propostas para reducir estas desigualdades, evidenciadas por uns datos que ás veces tamén se poñen en cuestión. Estas resistencias intensifícanse no contexto dos recortes orzamentarios que auspician a parálise das iniciativas, con independencia de que estas supoñan un investimento financeiro ou non.

## **2.- A universidade ten unha responsabilidade social**

- Debe **formar profesionais capaces de asumiren e aplicaren no seu labor o valor da igualdade** entre mulleres e homes polo que resulta necesario aplicar a perspectiva de xénero na docencia, en todas as fases do proceso de ensino-aprendizaxe.

- Debe **situarse á vangarda na defensa de valores éticos e de progreso social**, e por iso é importante a súa función de voceiro dos devanditos valores e denuncia das desigualdades que persisten na sociedade.

- Debe ser **a primeira en cumprir coa lexislación** que se compromete coa igualdade, e rexeitar todo aquilo que, de forma directa ou indirecta, contribúa á maior brecha social entre mulleres e homes, tanto nas institucións universitarias, como no resto da sociedade.

## **3.- A promoción da igualdade desde as universidades implica, ademais, contribucións intanxibles ao benestar social**

A crise é ocasión para repensar o modelo de sociedade que queremos. As universidades forman milleiros de mulleres cuxo potencial a sociedade desaproveita (en moita maior medida que o dos homes) pola persistencia da división sexual do traballo, que tamén desaproveita o capital coidador dos homes.

**É o momento de esixirmos aos Poderes Públicos que manteñan as políticas de igualdade.** Sendo conscientes do hándicap da crise económica e as altas cifras de desocupación no noso país, desde a universidade non podemos deixar pasar a oportunidade de pórmos en valor o papel das mulleres na nosa institución.

A contribución das mulleres que traballan ou estudan na Universidade é fundamental para recuperarmos o benestar social en España. É necesario, por tanto, denunciarmos os actuais déficits en políticas de igualdade e, á súa vez, contribuírmos na mellora da situación das propias mulleres -colectivo especialmente desfavorecido- no tan desestruturado mercado de traballo.

Por este motivo, neste contexto de crise consideramos que as universidades deben proporcionar ás Unidades de Igualdade as ferramentas necesarias para que garantan o camiño para a erradicación destas desigualdades no ámbito universitario.

## **NON PERDAMOS A OPORTUNIDADE**

### **UNIVERSIDADES ASINANTES**